


2022

Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego

Sector Coworking



Título orixinal: © 2021

Textos e revisión: Equipo técnico de Espazocoop
Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.

Unión de Cooperativas Espazocoop
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña
<http://espazo.coop>





Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

Os Plans Estratégicos de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



ÍNDICE

1. PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA	5
• 1.1 POTENCIALIDADES DO SECTOR DO CO-WORKING	12
2. ANTECEDENTES	17
3. OBXECTIVOS	20
4. RADIOGRAFIA DO SECTOR COWORKING	23
• 4.1. OPORTUNIDADES DE SUBSECTORES de CO-WORKING	27
• 4.2. DAFO DO SECTOR COWORKING	33
5. COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COWORKING	34
6. CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	41
• 6.1 BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS NO SECTOR E PROXECTOS REPLICABLES	44
7. FOMENTO DA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	49
• 7.1 DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES	49
8. PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	53
• 8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR ..	55
9. BIBLIOGRAFÍA	56






● PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA

O cooperativismo contribuíu de forma moi significativa ao desenvolvemento social e económico de Galicia nas últimas décadas, como acredita a súa evolución en termos sociais e económicos ao longo do devandito período, acadando na actualidade unha gran relevancia en moitos sectores da actividade económica, entre outros a agricultura, o sector financeiro ou a distribución e os servizos, configurándose como un instrumento xerador de emprego moito máis activo que as sociedades de capital nalgúns sectores, e contribuíndo ao mantemento de emprego, a continuidade de empresas en crise, etc.

EVOLUCIÓN CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de galicia)



COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS SEGUNDO OS REXISTROS PROVINCIAIS E CENTRAIS DE COOPERATIVAS DE GALICIA. ANO 2019

(FONTE . Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019)

REXISTRO	NÚMERO COOPERATIVAS	HOMES	MULLERES	PERSOAS XURÍDICAS	TOTAL PERSOAS
A Coruña	38	110	79	6	195
Lugo	7	7	8		16
Ourense	9	7	12		19
Pontevedra	48	126	102	10	238
CENTRAL	8	86	29	30	145
TOTAL	110	336	231	46	613

No ano 2020, as 98 cooperativas creadas, están formadas en un 52.2 % por socios promotores homes e en un 43.5 % por socias mulleres.



EVOLUCIÓN COOPERATIVISMO EN SECTORES EMERXENTES

(Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019, 2018,2017)

SECTOR	Nº COOP 2019	Nº 2018	Nº COOP 2017
Educación	8	6	3
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7	2	3
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CULTURA)	6	2	4

Cooperativa

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A xestión e o goberno da sociedade cooperativa correspóndelles exclusivamente a esta e ás persoas socias.

A sociedade cooperativa axustarase na súa estrutura e no seu funcionamento ós principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

I. Adhesión. As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio/a, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte das persoas socias. As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica das persoas socias. As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestionanas de xeito democrático. Polo menos, unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, sobre o capital entregado como condición para ser socio/a. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas, das que, polo

menos, unha parte sería indivisible; ao beneficio das persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

IV. Autonomía e independencia. As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

V. Educación, formación e información. As cooperativas proporcionanlles educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, ás e aos directivos e ás persoas empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas. As cooperativas serven o máis eficazmente posible a quen forma parte delas como socio ou socia e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade. Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios e socias.

Atendendo a base de definición e principios cooperativos, as tipoloxías de cooperativas que mellor se axeitan para o sector dos coidados serían:

- **Cooperativa de traballo Asociado:** Asocian persoas naturais co obxecto de cooperativizar unha prestación laboral. Proporcionálles ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

Unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas son as **cooperativas xuvenís**: son aquelas constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de que sexan persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento no que a idade máxima será de 35 anos. Teñen por obxecto proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros. Contan con importantes vantaxes para a súa constitución (redúcese o capital mínimo e non se require outorgamento de escritura pública), e transcorrido o prazo marcado nos estatutos, que non será superior aos cinco anos, deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

Como cooperativa singular e excepcional tamén se prevé a **cooperativa mixta de traballo asociado**. Neste tipo de cooperativas existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea xeral poderá determinarse en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente. O obxecto destas cooperativas é contribuír á captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos, salvando ao máximo posible as características que son propias das sociedades cooperativas.

Por outra parte, a Xunta de Galicia poderá cualificar como **sociedades cooperativas sen ánimo de lucro** as que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos de funcionamento acrediten a súa función social. Considéranse como tales as que se dediquen principalmente á prestación e xestión de servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre e outros de interese colectivo ou de titularidade pública, á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social ou a outras actividades que teñan por finalidade conseguir a superación de situación de marxinación social de calquera tipo (*Disposición adicional cuarta. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia*).

Do mesmo xeito que sucede con outras fórmulas empresariais sen ánimo de lucro, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción, os resultados positivos da actividade non poden ser distribuídos entre as persoas socias, destinán-

dose os excedentes dispoñibles (beneficios) a un Fondo de Reserva Obrigatorio e irrepartible. Ademais desta consideración, as cooperativas sen ánimo de lucro teñen limitada a retribución das persoas socias traballadoras e do persoal asalariado, non podendo superar o 150% das retribucións establecidas no convenio colectivo aplicable ao seu sector. Iso non significa que as persoas socias traballadoras e persoal asalariado traballen ou presten os seus servizos con carácter gratuíto, senón que tanto os beneficios como as súas retribucións están suxeitas ás devanditas limitacións, prevalecendo o carácter social da entidade.

Como poñer en marcha unha cooperativa?

O paso previo para a posta en marcha dun proxecto cooperativo é que o grupo promotor leve a cabo a análise da viabilidade da idea mediante o desenvolvemento dun [Plan de empresa](#)¹ no que participe todo o grupo.

Unha vez levado a cabo este estudo (de mercado, organizativo e financeiro) e coñecendo o grupo polo miúdo as [características da fórmula cooperativa](#)², pódense iniciar os trámites para a constitución da mesma.

A secuencia dos pasos a seguir sería a seguinte:

- 1| Configurar un grupo promotor cooperativo.
- 2| Análise da viabilidade da idea.
- 3| [Solicitud de nome](#)³ da cooperativa.
- 4| Elaboración do proxecto de estatutos sociais ([modelo de estatutos segundo a tipoloxía de cooperativa](#)⁴).
- 5| Celebración da asemblea constituínte.

¹ Plan de empresa : <https://consolidaes.com/Inicio.php>

² Manual de formación par socias e socios : <https://espazo.coop/recursos/manual-de-formacion-para-sociasos-de-cooperativas-de-traballo-asociado/>

³ Solicitud de nome da cooperativa: https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO_certificacion_negativa_denominacion1.pdf

⁴ Rexistro Virtual cooperativas de Galicia : https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cooperativas/modelos-de-estatutos

- 6| Cualificación previa do proxecto de estatutos.
- 7| Solicitud de CIF provisional.⁵
- 8| Apertura dunha conta bancaria. Achegas iniciais ao capital social. Certificado.
- 9| Escritura pública de constitución ante notario/a, excepto para as cooperativas xuvenís. Os aranceis están bonificados segundo Disp. adicional terceira da Lei de Cooperativas de Galicia.
- 10| Liquidación do I.T.P.A.X.D. (Exento para as cooperativas).⁶
- 11| Solicitud de inscripción no Rexistro de Cooperativas.
- 12| Solicitud do CIF definitivo (Axencia Tributaria Estatal).
- 13| Documentación social: Libro de rexistro de persoas socias – libro de actas da asemblea xeral – Libro de actas do consello reitor – outros libros.
- 14| Resto de trámites de inicio de actividade: Declaración censal, inicio de actividade, alta na seguridade social, permiso municipal de apertura de establecemento, comunicación de apertura do centro de traballo, libros de visitas da inspección de traballo e seguridade social...

1.1 POTENCIALIDADES DO SECTOR DO CO-WORKING

A actividade de compartir espazos para traballar ten os seus orixes segundo algúns autores nos estados unidos de america (Búfalo) e en alemaña ou Austria (Berlín-Viena) e xorde co obxectivo de compartir espazos de traballo, é dicir, varias persoas traballando xuntas no mesmo espazo (oficina) pero sen pertencer á mesma organización. Con isto compártense recursos, afórranse gastos e establécense relacións comerciais e de colaboración. Segundo a Wikipedia (un dos grandes proxectos

⁵ Axencia Estatal Tributaria : <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>

⁶ Axencia Tributaria Galega: https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231/l/item-brown

colaborativos na internet), o coworking ou cotraballo é un xeito de traballar que permite a profesionais independentes, persoas emprendedoras e Pemes de diferentes sectores, compartir un mesmo espazo de traballo (**tanto físico como virtual**) co fin de desenvolver os seus proxectos profesionais á vez que que fomentan proxectos conxuntos.

As primeiras iniciativas de moderno coworking xorden na década dos anos 90 pero é partir do ano 2000 cando se consolida e incrementa. En España e tamén en Galicia a crise do 2008 impulsou a aparición deste modelo como estratexia para o aforro de custos e a escalabilidade dos proxectos, primeiro como centros de negocios ou viveiros de empresas e transformándose posteriormente no que hoxe por hoxe se coñece como espazos coworking.



Fonte: Informe Prowork Spaces, Cushman&Wakefield

As principais vantaxes deste modelo son:

- Fomenta as sinerxías entre empresas ou profesionais.
- Minimiza os gastos correntes correspondentes ao mantemento dunha oficina.

- Ofrece servizos de formación, asesoramento legal e mesmo de acompañamento ou coaching para alcanzar obxectivos empresariais.
- No caso dos espazos sectoriais, -aqueles que están centrados en sectores e profesionais dun determinado sector de actividade- incrementa a posibilidade de crecer, intercooperar e aprender de organizacións semellantes.

A realidade do sector dos espazos coworking, tanto en España como en Galicia, presenta dous modelos diferenciados. Por unha banda atópase o modelo público, que ofrece espazos promovidos polas entidades públicas (administración autonómica, deputacións, concellos, universidades), preferentemente para proxectos de persoas emprendedoras ou de xeito sectorial (tecnoloxía, cultura...).

E pola outra, o modelo privado que se atopa dividido entre grandes empresas que copan unha parte importante do mercado e a de pequenos proxectos en espazos máis modestos pero máis próximos á realidade local. É neste segundo grupo onde se enmarcan os aínda poucos proxectos cooperativos que xestionan espazos de coworking en Galicia mediante cooperativas de traballo asociado.

No apartado 4 deste plan faremos unha análise polo miúdo da realidade do sector do coworking en España, así como da realidade a nivel galego. Non cabe dúbida que o sector presentaba unha evolución moi positiva, pero a irrupción da pandemia do Coronavirus freou o seu crecemento debido as medidas de aillamento e/ou distanciamento social, aínda que a cambio trouxo tamén novas oportunidades co replantexamento por parte dalgunhas empresas, dos espazos de oficina tradicionais.

A conexión da filosofía e valores do co-working presentan claras coincidencias coa filosofía e valores do modelo cooperativo. Así, no primeiro caso fundaméntanse nos valores de colaboración, apertura, comunidade e foco nas persoas, o que resulta perfectamente compatible cos valores de cooperación, primacía da persoa, libre adhesión intercooperación e interese pola comunidade da fórmula cooperativa.

Así mesmo, comparte valores e principios da economía colaborativa ben entendida, baseada no principio de organizacións da economía aberta, que actúan dun xeito máis transparente e máis eficiente, e que teñen como motivación e finalidade, non unicamente a persecución do rendemento económico.

Algúns destacados autores como Alberto Cañigüeral, falan mesmo dun posible “Cooperativismo 2.0, no que as propias persoas traballadoras se organizan para buscar vías nas que compartir o valor que xeran estas novas plataformas (presencias ou dixitais), o que se traduce en iniciativas como as de **coworking**, que permiten que distintos profesionais independentes compartan un mesmo espazo onde poden establecer sinerxias innovadoras.”

Do mesmo xeito, outras experiencias actuais como as dos working nomads ou nómadas dixitais, teñen conexión directa e moitos puntos en común, conectando o co-housing e o co-living, co co-working, onde a fórmula cooperativa ten tamén unha gran oportunidade de desenvolverse e dinamizar espazos e entornos semi-urbanos ou rurais.


PRINCIPIOS E VALORES COMPARTIDOS: COOPERATIVISMO-CO-WORKING-ECON. COLABORATIVA

COOPERATIVISMO	CO-WORKING	ECONOMÍA COLABORATIVA
Cooperación e axuda mutua	Colaboración	Colaboración
Primacía da persoa	Foco nas persoas	Reputación
Libre Adhesión	Apertura	Global
Intercooperación	Networking	Acceso compartido
Interese pola comunidade	Comunidade	Comunidade

Fonte: Elaboración propia

Porén, tanto os cambios ambientais, sociais e tecnolóxicos experimentados pola nosa sociedade, como máis recentemente a crise económica e social derivada da Covid19, plantexan novos retos e desafíos para o cooperativismo, ao tempo que posibles oportunidades que demandan enxergar novos xacementos de actividade para os distintos colectivos que a raíz desta crise van quedar no desemprego. Compre, polo tanto, reflexionar sobre as posibilidades que brinda o modelo cooperativo para estruturar ou impulsar novos sectores económicos e xerar riqueza e emprego, detectando posibles xacementos de emprego e alternativas de emprendemento para novas cooperativas ou para proxectos que poden incrementar dimensión e crear a súa vez novos empregos.

Dende Espazocoop queremos avaliar as oportunidades que ofrecen diversos sectores, entre os que se atopa o do co-working, que poidan ser unha alternativa ocupacional e de emprendemento, diante das novas circunstancias marcadas polo distanciamento social e alí onde xa existían experiencias de éxito e que respondan a estas novas demandas sociais.



2

● ANTECEDENTES

Para a realización de este plan, tomáronse como referencias diferentes análises feitos como o informe “ O estado do coworking en España 2019-2020. Coworking Spain (2020)”, “Global Coworking Study 2020”, ou “Informe de oficinas flexibles 2020. Cushman & Wakefield”, entre outros estudos e informes sectoriais nomeados na bibliografía deste plan.

Por outro lado, están tamén os datos recabados das cooperativas socias de ESPA-ZOCOOP, Unión de cooperativas Galegas, que xestionan espazos de coworking (Dalle que Dalle, S.Coop. Galega e Servicios Integrales para Empresas, S.Coop. Galega, Coworking A Parda.

Para outros modelos de cooperativas que poden ser de interese para o impulso sectorial, están os manuais da nosa entidade homóloga FAECTA: “Guía de creación de cooperativas de impulso empresarial” e “Manual de Cooperativas Mixtas”.

Tomouse tamén como referencia de actuacións o programa **100%100CO**, de impulso do cooperativismo nos espazos de coworking, da Fundación para la cooperación y el fomento del cooperativismo en la Comunidad Valenciana.

Os máis claros precedentes do modelo cooperativo no proceso de compartir e xestionar espazos de negocio son as cooperativas de servizos, onde profesionais de distintos sectores e actividades comparten un mesmo espazo, pero tamén a xestión do mesmo, a promoción conxunta e servizos complementarios. É o caso paradigmático do **Mercado de Abastos de Santiago de Compostela** ou de Mercamorrazo en Cangas.

Trátase de cooperativas de servizos que no primeiro caso domina o comercio de produtos de alimentación frescos da cidade de Santiago, e que dende o ano 2000 está sendo xestionada por unha cooperativa formada por 70 comerciantes, ben coñecedores da realidade dos seus negocios. O consello de dirección está formado por 9 persoas elixidas entre todos os cooperativistas que forman o Consello Rector.



En Portugal as cooperativas de artistas levan décadas ofrecendo espazos en común, como é o caso da **Cooperativa Árvore** en Porto, que dende o ano 1963, impulsada por artistas, escritores, arquitectos e intelectuais interesados en crear novas condicións para a produción e difusión cultural, de forma libre e independente.

Adquiriron de xeito conxunto un edificio histórico convertido en sala de exposicións, tenda e galería de arte, Oficinas e Obradoiros de Serigrafía, Litografía, Gravado, Cerámica, Fotografía e Multimedia, así como Auditóreo, Restaurante e Xardín.

No presente plan centrarémonos na análise de oportunidades tendo en conta as características e casuística no territorio galego, pero tendo tamén como referencias as perspectivas a nivel do estado, de tal xeito que as tendencias xerais sexan tidas en conta á hora de avaliar as posibilidades de promoción do cooperativismo no sector do co-working, tanto no seu ámbito físico como dixital.



3

● **OBXECTIVOS:**

O sector obxecto de análise en este plan é o de Coworking nas súas distintas e posibles modalidades, clarificar o modelo, valorar a súa seguridade xurídica, determinar que tipo de actividades poderían ter cabida para dotar as cooperativas do sector de oportunidades reais de desenvolvemento. Avaliar a posibilidade de espazos virtuais ou baseados nas novas tecnoloxías da comunicación, para o caso de que as medidas de distancia social se prolonguen no tempo e a súa conexión coas denominadas plataformas cooperativas dixitais, de especial interese no ámbito sectorial.

O tamaño medio das cooperativas, en especial das cooperativas de traballo asociado (micropemes), así como as súas actividades, vencelladas principalmente ao sector servizos poderían facilitar a asunción conxunta ou mancomunada de espazos físicos, compartindo os gastos de arrendamento. Tamén convén explorar a posibilidade de cooperación entre cooperativas que dispoñen de espazos ás veces infrutilizados ou ociosos aínda que de distinta clase (Exem. Cooperativas agrarias,

de ensino, de servizos...). Así mesmo, a oportunidade de ocupar espazos dispoñibles por parte da administración autonómica, provincial ou local en centros ou viveiros de empresa permitirían dotar ao cooperativismo e á Economía Social de visibilidade, mellorando a presenza e agrupando iniciativas que fomentarían a bo seguro as redes de colaboración. Finalmente, explorar as posibilidades de formalizar redes de colaboración entre emprendedoras/es e empresas que ocupan espazos nos viveiros de empresas ou espazos co-working poñendo en marcha cooperativas de servizos.



Para abordar a análise, os elementos obxecto de estudo foron:


- 1.** Coñecer dificultades e retos que xurdiron nos últimos anos e que xorden na actualidade da crise da pandemia COVID-19 para as cooperativas en relación co uso de espazos.
- 2.** Medidas tecnolóxicas implantadas coa situación COVID-19 e como as cooperativas e as persoas socias e traballadoras responderon ou se viron afectadas polas mesmas en relación co uso de espazos, e cales poden ser oportunidades para seguir abordando, mellorando e xerar novas oportunidades.
- 3.** Determinar as medidas que se puxeron en marcha nas cooperativas para tratar de solucionar as dificultades e retos plantexados, conxugando as necesidades da cooperativa coas das persoas socias en base aos principios cooperativos.
- 4.** Verificar se as medidas legais establecidas supuxeron algunha mellora en relación co uso de espazos.

5. Seleccionar casos de boas prácticas establecidos polas cooperativas ou boas prácticas doutras empresas que podan ser aproveitadas polas cooperativas.
6. Establecer se o cooperativismo pode ofrecer alternativas e novos xacementos de empregos e emprendemento no sector do co-working, espazos compartidos e impulso da cooperación neste eido.
7. Buscar respostas colectivas ás necesidades comúns plantexadas co paso do físico ao virtual.
8. Traballar en medidas estratéxicas, de medio e longo percorrido para seguir consolidando o sector cooperativo, dotandoo de ferramentas que lle permita abordar os retos vencellados ao uso de espazos compartidos tanto físicos como virtuais.
9. Establecer un Plan que permita aproveitar as sinerxias xeradas na colaboración entre empresas nos espazos coworking para impulsar o modelo cooperativo.

4

● RADIOGRAFIA DO SECTOR CO-WORKING


A evolución dos espazos de co-working, tanto a nivel mundial como a nivel do estado español, amosa unha tendencia claramente positiva, e a previsión é que siga a ser no futuro unha clara alternativa á oficina tradicional:



Fonte: Global Coworking Growth Study 2020, Perspectivas de evolución do número de espazos de Coworking no mundo

As estimacións deste informe apuntan a que arredor de 5 millóns de persoas estarán traballando en espazos de coworking no 2024, representando un incremento do 158% comparado co ano 2020.

Pola súa banda, en España, segundo Coworking Spain, no seu informe sobre o estado do co-working en España 2019-2020, a evolución dos metros cadrados adicados a estos espazos, presenta tamén unha clara tendencia alcista.



Fonte: Informe sobre o estado do Coworking en España 2019-2020


En relación co tipo de entidades e persoas usuarias destes espazos, apúntase a que a metade das empresas que demandaron este tipo de espazos foron startups (empresas de recente creación) e autónomos/as, a partes iguais.

Asismesmo, entre o 25% e o 50% o demandan as PEME,s, configurándose tamén como usuarias destacadas para os espazos co-working. E xa en moita menor medida, aínda que con evolución positiva, as grandes empresas.

O que se pon de manifesto na maioría dos estudos é que as empresas, especialmente as de pequena dimensión, enfrontan mellor situacións de incertidume e aforran custos nos espazos flexibles, fronte aos custos que representa a oficina tradicio-

nal, polo que lles compensa claramente optar por esta fórmula, do mesmo xeito que o renting de flotas de vehículos está sendo dende hai tempo alternativa á adquisición de elementos de transporte.


Polo que respecta á localización dos espazos de coworking, a maioría sitúanse nas provincias de Madrid e Barcelona (75%), correspondendo ao resto de provincias o 25% restante. En canto á Comunidade Galega, destaca a provincia da Coruña con 10.000 m².



A propiedade dos espazos de co-working divídese entre a titulariedade pública, con espazos ofrecidos tanto pola administración autonómica, como pola provincial (Deputacións) e Local (Concellos). Neste primeiro caso a oferta atópase moi venclada ao emprendemento, facilitando o acceso de persoas emprendedoras ou empresas de recente creación a prezos moi asequibles. Nalgúns casos a xestión destes espazos levase a cabo por empresas privadas.

Pola outra atópase a oferta privada, onde catro grandes compañías en España (Wework, Utopicus, Spaces e Aticco) posúen a maioría dos espazos e seguen en proceso de expansión, sobre todo na contorna das grandes cidades. E por outra banda continúan a xurdir pequenas iniciativas de menor dimensión vencelladas a localidades de menor tamaño, máis apegadas a realidade local ou vencelladas a sectores e actividades concretas.

Finalmente, existen iniciativas doutras entidades como Centros de Ensino, Fundacións, Asociacións e diversas entidades do terceiro sector que poñen tamén a disposición espazos para distintas actividades, a miúdo contando con financiamento e colaboración pública. Caso por exemplo dos viveiros de empresa nas Universidades e centros de Formación Profesional.



4.1 OPORTUNIDADES DE SUBSECTORES DE CO-WORKING

Seguindo os datos da radiografía do sector, preséntanse distintas oportunidades para explorar:

1. Cooperativas de traballo asociado que xestionen espazos de co-working públicos ou privados ou de iniciativa propia.
 - A. Cooperativas que xestionen espazos de co-working no ámbito rural, aproveitando as infraestructuras existentes doutras cooperativas ou entidades de economía social.
2. Cooperativas de Impulso emprendedor como fórmula de colaboración público-privada.
3. Cooperativas de servizos, cooperativas de traballo asociado impulsadas nos espazos de coworking entre as/os coworkers.
4. Cooperativas de Plataforma Dixital que ofrezan espazos virtuais e conexións áxiles para facilitar o networking e o traballo colaborativo.

Analizaremos polo miúdo cada unha destas oportunidades a continuación:

Comezaremos polas **Cooperativas de traballo para xestión de espazos.**

Actualmente existen alomenos dúas cooperativas que xestionan espazos propios e que forman parte da base social de Espazocoop: Dalle que Dalle, S.Coop. Galega e Servicios Integrales para Empresas, S.Coop. Galega (Coworking A Parda). A primeira, localizada en Vilagarcía de Arousa, xestiona espazos para oficinas, salas de reunións e ofrecen servizos complementarios de apoio ás/ós coworkers para redefinición do seu negocio, formación, etc. Cunha traxectoria de máis de 7 anos e consolidado como un centro de innovación social e dinamizador do territorio local onde se ubica.

Pola súa banda Servicios Integrales para Empresas, S.Coop. Galega, xestiona o espazo coworking A Parda, na cidade de Pontevedra, con despachos, salas con dis-

tintos usos, así como oficina virtual. De recente creación, en Marzo de 2020 -durante o confinamento- é un perfecto exemplo da iniciativa emprendedora que anima ás cooperativas de traballo asociado, mesmo en tempos tan difíciles como as da Pandemia da Covid-19.

Xa analizamos en apartados anteriores os aspectos legais e posibles modelos dentro do marco da cooperativa de traballo asociado, como a cooperativa xuvenil ou a cooperativa sen ánimo de lucro, que poderían ser de interese para determinadas actividades. O destacable do modelo é que calquera actividade pode ser desenvolvida por unha cooperativa de traballo asociado, tanto a de xestionar un espazo de coworking propio como a de xestionar espazos de coworking alleos, tanto públicos como privados ou colaborando con outras entidades na xestión de espazos ociosos ou infrautilizados para este tipo de actividades, tamén ofrecendo servizos de formación, consultoría, acompañamento de proxectos e servizos complementarios para as empresas e persoas emprendedoras que ocupan os espazos coworking.

Unha alternativa que está a coller moita relevancia ten que ver coa posta en marcha de espazos para os denominados nómadas dixitais. Espazos de co-working habitualmente no ámbito rural, con adecuación de espazos para profesionais itinerantes, que lle ofrecen servizos mixtos profesionais e habitacionais e que poden ser perfectamente xestionados baixo a fórmula de cooperativas de traballo asociado.

Existen experiencias exitosas noutras comunidades autónomas das que ampliaremos información no apartado de boas prácticas.

En relación coa posibilidade de xestión de espazos pouco empregados ou ociosos, cabe salientar as posibilidades da colaboración público-privada mediante a xestión de espazos de titularidade pública a entidades de economía social sen ánimo de lucro (Cooperativas sen ánimo de lucro, Centros Especiais de Emprego ou Empresas de inserción) no ámbito rural. A entidade pública (autonómica, provincial ou local) cede un espazo que pode ser xestionado polas entidades de economía social,

tanto para usos socio-sanitarios, como habitacionais, viveiros de empresas, explotación agro-gandeiras ou forestais, etc. Cómpre salientar aquí dous casos como as das casas do maior na comarca de Bergantiños, con posible cesión de espazos municipais infrautilizados e a Finca Valverde propiedade da Deputación de Ourense para o impulso de actividades por parte das entidades da economía social:

<https://www.laregion.es/articulo/ourense/deputacion-destinar-finca-valverde-economia-social/202105221555231032048.html>



Instalacións da Finca Valverde durante a visita das entidades do Foro pola Economía Social Galega

Outra posibilidade serían as **Cooperativas de impulso emprendedor**.

Este modelo, como xa se comentou en apartados anteriores, ten como obxectivo principal dotar de cobertura estrutural e técnica a novos proxectos de emprendemento no ámbito do cooperativismo e/ou da economía social. As comunidades de Navarra, Andalucía e Valencia con longo percorrido nesta fórmula teñen acreditado a súa utilidade. No caso de Andalucía, esta figura atópase regulada baixo a denominación de Cooperativas de Impulso Empresarial como un subtipo de cooperativa de traballo, no artigo 93 da “Ley 14/2011, de 23 de diciembre, de Sociedades Cooperativas Andaluzas”.

Porén, a efectos prácticos estas cooperativas constitúen un híbrido entre as cooperativas de traballo e as cooperativas de servizos de tal xeito que existen por unha banda socios/as de estrutura que prestan apoio material ou técnica e socios/as usuarias que son as beneficiarias dos apoios e que deben ser obrigatoriamente persoas físicas. A lexislación Andaluza contempla garantías específicas para contribuir o bo fin da actividade e de cara a garantir a seguridade xurídica e a estabilidade do modelo.

A dotación de espazos comúns na forma que se estableza (viveiros ou centros de empresa), contando con recursos e colaboración de entidades públicas ou privadas sería unha interesante opción para o aforro de custos iniciais de actividade das persoas que desexen testar a súa idea empresarial con carácter previo á súa posta en marcha mediante este tipo de cooperativas.

Unha terceira oportunidade a explorar serían as **Cooperativas de servizos**.

Neste caso, serían as entidades e persoas (empresas e/ou autónomos/as) usuarias dos espazos co-working (co-workers) as que auto-xestionarían directamente os espazos, do mesmo xeito que xa se ven facendo noutros sectores de actividade (prazas de abastos, polígonos empresariais,...). Estas cooperativas poderían contratar especialistas para a dinamización e xestión dos espazos, incorporar persoas socias de traballo para desenvolver esta función ou contratar a cooperativas de traballo asociado, especializadas nesta xestión.

Asi mesmo, existe tamén a posibilidade de que distintos espazos de co-working de pequena ou mediana dimensión se podan agrupar baixo a fórmula de cooperativa de servizos para ofrecer actividades ou dinamizar os espazos de xeito agrupado, aforrando custos e mancomunando servizos. Operando baixo unha marca común ou impulsando as súas actividades con estratexias comerciais conxuntas.

E finalmente unha oportunidade que se presenta mediante a posta en marcha de Cooperativas de Plataforma Dixital.

Un coworking en liña (ou coworking virtual) é unha plataforma dixital na que se replica o funcionamento e filosofía dun espazo de coworking tradicional.

A principal achega dos coworking dixitais é a de pertenza a unha comunidade diversa. A posibilidade de atopar outros profesionais con ideas interesantes que poden ser útiles, con dificultades semellantes, que poden ter ideas inspiradoras. E co valor engadido que pode tratarse de profesionais que proceden de calquera parte do mundo. De diferentes contornas culturais, con distintas ideas sobre o tempo, o traballo, o diñeiro, as persoas e a vida en xeral.

A pertenza a un coworking dixital pode ser complementaria á de pertenza a un coworking tradicional, pero incrementa a oportunidade de acceder á diversidade da comunidade dun coworking en liña. Unha comunidade que traspasa as fronteiras que si ten un lugar físico.

Existen diversos tipos de coworking dixitais:

Dentro dos coworking dixitais pódense distinguir dous tipos, atendendo ao tipo de profesionais que os integran. Podemos denominalos coworking verticais e horizontais.

Os coworking dixitais verticais son aqueles que agrupan comunidades cuxos profesionais ou emprendedores desenvolven proxectos relacionados cunha temática moi concreta. Por exemplo, unha comunidade de asesores que ofrecen diversos servizos complementarios para o mesmo cliente.

Os coworking dixitais horizontais son os que agrupan comunidades cuxos integrantes teñen perfís máis diversos, onde se poden perfís heteroxéneos que teñen en común o traballo sen marco físico.

É o que se ten denominado como “Cooperativas sen paredes” e que mediante as novas ferramentas dixitais se pode facilitar o seu desenvolvemento. Ferramentas

para a comunicación, salas de videoconferencias, plataformas de teleformación que faciliten a conexión e a interactividade entre toda a comunidade.

Por outra banda, as cooperativas de plataforma dixital son empresas de propiedade cooperativa, gobernadas democráticamente baixo os principios e valores do cooperativismo, que establece unha plataforma dixital e emprega un sitio web, unha aplicación móbil ou un protocolo para facilitar as compras conxunta, a venda de bens ou servizos ou compartir recursos. As cooperativas de plataforma son unha alternativa ás plataformas baseadas no modelo mercantil e financiadas por capital risco, na medida en que son propiedade e están gobernadas polas persoas que máis dependen delas: traballadoras, usuarias e outras partes interesadas relevantes.

Da unión destes dous conceptos teríamos o **Coopworking de plataforma dixital**, un modelo de coworking baseado nas estruturas das cooperativas de plataforma dixital, o que permitiría ir alén do espazo físico para crear comunidades de profesionais tanto verticais como horizontais para impulsar o traballo colaborativo.

As cooperativas de plataforma como as que se crearon en Europa (e noutros continentes) hoxe teñen o obxectivo de dar resposta ás necesidades reais das comunidades e territorios. A infraestrutura dixital - plataformas - que utilizan son só un instrumento para as comunidades de persoas e organizacións (incluídas as empresas) para fomentar a creación de emprego de calidade, o intercambio e a mutualización entre diferentes actores, a creación conxunta de innovación (social) ao servizo dos territorios locais, a creación de clústeres, hubs e tamén de soporte físico, facilitando as interaccións entre diferentes actores. É por iso que as asociacións naturais están a multiplicarse entre as cooperativas de plataformas e os “terceiros lugares” (espazos de coworking, fablabs, hackerspaces, etc.) xa que comparten o obxectivo de fomentar a colaboración e a innovación.

4.2. DAFO DO SECTOR COWORKING

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Tamaño reducido das empresas • Descoñecemento da fórmula entre as/os co-workers • Necesidades de elevados investimentos para infraestruturas • Novos comportamentos das persoas usuarias / consumidoras. Teletraballo na casa • Falta de coñecementos para procesos de dixitalización: coworking dixital • Falta de modelos legais de referencia en Galicia: coops. de impulso emprendedor • Descoñecemento de referencias de boas prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Evolución ascendente do sector e incorporación de novos modelos de traballo compartido • Dixitalización e incremento de recursos técnicos a disposición • Novas tendencias: working nomads, coworking dixital • Mellora das infraestruturas de conexión • Existencia de modelos de referencia noutras comunidades autónomas • Existencia de entidades representativas que poden asumir tarefas de divulgación, impulso, acompañamento, asesoramento, etc. • Existencia de recursos infrautilizados, tanto nos ámbitos rurais como urbanos. • Impulso do cooperativismo de plataforma dixital
AMEAZAS	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Impacto da pandemia. Desocupación espazos • Oferta pública gratuíta • Oligopolio grandes compañías 	<ul style="list-style-type: none"> • Existencia de cooperativas con capacidade de xestión • Existencia de modelos e precedentes noutras actividades/sectores • Existencia de modelos legais: CTA,s. Coops. de servizos e axudas • Boa disposición por parte dalgunhas entidades públicas • Valores compartidos entre o cooperativismo e o coworking

5

● COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COWORKING

- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou un descenso acusado da ocupación nos espazos de coworking debido ás medidas de distanciamento impostas e a redución de aforos, do mesmo xeito que noutros sectores e actividades.
- O peche ocasionou que algunhas das cooperativas tiveran que optar pola solicitude de ERTE,s parciais até que se poidesen retomar as actividades e se incrementaron os aforos.
- O emprego dos fogares como oficinas refuxio durante os primeiros momentos da pandemia.
- Variación da tendencia nos usuarios dos espazos, pasando dos autónomos a empresas, mesmo de dimensión mediana ou grande diante da flexibilización dos espazos de traballo.

Con todo, os diferentes informes e estudos constatan que a nivel xeral, o descenso da actividade económica non se veu reflectido directamente na liberación de espazos nos coworking, senón que ésta foi sustancialmente menor. De tódolos xeitos, sí é certo que tiveron que asumir como o resto de empresas descensos nos seus ingresos mentres continuaban asumindo os custos de alugueiros ou facendo fronte ás amortizacións de financiamento alleo.

Para o sector preséntase un escenario de recuperación progresiva, condicionado polas actuais medidas de **restrición de mobilidade e de concentración de persoas**, moi dependente dos diferentes escenarios posibles da desescalada. Os primeiros informes de impacto apuntan a unha recuperación equivalente á doutros sectores, confiando nunha evolución positiva coa progresivo retorno aos espazos de traballo que permitan recuperar as condicións óptimas de traballo que en ocasións non se daban nos domicilios particulares, o benestar emocional e relacional así como o desenvolvemento do talento.

Os **principios e valores cooperativos** se convirten tamén nunha ferramenta principal para manter e para impulsar medidas de actuación e facerlle fronte ás consecuencias da pandemia (Axuda mutua, solidariedade, equidade, corresponsabilidade, igualdade, intercooperación...).

RISCOS E OPORTUNIDADES NO PROCESO DE REACTIVACIÓN

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Problemas de tesourería e liquidez debido á perda de ingresos. • Cambio de tendencia do físico ao virtual • Limitacións á mobilidade, e á capacidade (aforos) • Consolidación do teletraballo a domicilio 	<ul style="list-style-type: none"> • Novos escenarios de traballo nos entornos rurais e periburbanos • Impulso da dixitalización do coworking • Mistura de traballo en oficina e virtual • Incremento do emprego da tecnoloxía para a dixitalización

Unha vez superada a primeira fase da pandemia coa redución xa comentada, constatouse que os espazos de traballo tradicionais perdían peso fronte a espazos mixtos e flexibles de traballo e o cambio do físico ao virtual. Puxéronse en marcha iniciativas para poñer en marcha co-workings unicamente virtuais ou mixtos (físicos e virtuais), adaptando tarifas e horarios a un uso puntual.

Así mesmo, o plan de resiliencia e recuperación da administración do estado establece como unha das súas liñas palanca os procesos de dixitalización e o incremento de ferramentas dixitais para as pemes, o que a bo seguro vai traer oportunidades claras para o sector e vai permitir ás empresas a unha conexión de maior calidade a través do 5G.

O emprego habitual de ferramentas de videoconferencia e teleformación, de comunidades virtuais, é xa unha realidade que facilitan o traballo en remoto. É moi probable que as medidas de distanciamento social, o emprego de máscaras en espazos pechados e outras medidas de prevención contribuirán a unha realidade mixta.

PRINCIPAIS MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DURANTE O PERIODO DE CONFINAMENTO DA PANDEMIA



Medidas como a de **reducir a actividade ou aplicar ERTes** déronse principalmente nos primeiros intres do confinamento, xa que se produciu un impedimento relacionado co distanciamento social, desprazamentos ou contacto físico.

As medidas de **reaxustes organizativos**, así como as medidas de adaptación ao **teletraballo**, tamén foron mais doadas de implementar, e tamén a opción de levar a cabo outro tipo de actividades e traballo que non requerían de presenza física: teleformación, charlas, actividades con soporte dixital.

Relacionado co anterior, un incremento en **inversión dixital**, programas de comunicación, videoconferencia, hardware para facilitar as conexións e o traballo en remoto.

Por outra banda existiron dificultades compartidas con outras cooperativas como:

DIFICULTADES ATOPADAS POLAS COOPERATIVAS PARA REACTIVAR A SÚA ACTIVIDADE

- 1. Avaliación dos riscos laborais:** analizar e avaliar os riscos existentes no lugar de traballo e para a actividade concreta, incorporando as medidas preventivas relativas ao novo risco de contaxios e transmisións pola Covid-19.
- 2. Modificación da planificación da actividade preventiva,** instrumentos esenciais pa a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos, para determinar as medidas a adoptar co fin de evitar a transmisión da Covid-19.
- 3. Implementación do teletraballo** nas actividades que era posible facelo, aínda así as cooperativas víronse forzadas a reducir a súa actividade ao mínimo con motivo de que os coworkers non tiñan posibilidade de acudir aos lugares de traballo.
- 4. Adaptación das actividades** de acompañamento, formación, ao actual contexto de crisis sanitaria.
- 5. Distanciamento Social:** expúxose como norma xeral o traballar

individualmente, mantendo a distancia se é posible de 2 metros e o obrigatorio uso da máscara, unha vez superada a fase inicial do confinamento.

6. Dificultade na fase inicial de dotarse de Equipos de protección individual (EPI)- máscaras FFP2, máscaras FFP3 e pantallas faciais-. Produtos sanitarios- máscaras cirúrxicas-. Outros materiais de protección, como o xel hidroalcohólico.

7. Dotarse de ferramentas dixitais, adaptación a transformación tecnolóxica e novas formas para continuar coa actividade e moi pouco tempo. Realizar un gran esforzo para investimentos para a dixitalización.

8. Reaxustes na organización, para evitar reducir os equipos humanos, fortalecen os principios e valores cooperativos, primando a equidade, igualdade, conciliación, entre outros.

9. Acceso ao financiamento, xa que as condicións establecidas nalgunhas liñas de axudas non facilitaban o acceso ao financiamento.

Coa pandemia, a redución de facturación neste sector ocasionou que as cooperativas tiveran dificultades para afrontar o pago das súas obrigas fiscais e laborais, por esgotamento dos seus niveis de tesourería, que nun principio pode que foran cubertas con reservas e excedentes positivos de exercicios anteriores, pero que, dada a extensión temporal das medidas de confinamento a situación derive en tensións importantes de tesourería, o que en moitos casos obriga a recorrer a créditos ou outros instrumentos de endebedamento, a nivel autonómico e tamén estatal.

Ademais das dificultades que afrontan as entidades de recente creación, moitas delas aínda no berce e no proceso de posta en marcha cando se produce o peche e paralización total coa situación de confinamento, e que nin sequera poden acceder a prestacións ou apoios, xa que non teñen facturación en exercicios anteriores e non compren requisitos para acceder aos apoios previstos.

Con carácter xeral, as cooperativas iniciaron ERTE's, pola duración dos estados de alarma ou ampliados nas condicións que as medidas económicas adoptadas polo goberno contemplaba, así como acceso a financiamento ou axudas dos gobernos

autonómicos no seu caso. Igualmente, o acceso a financiamento ético tamén se viu en alza. Estas tramitacións non foron doadas para as cooperativas nin para outros modelos económicos, provocaron moitas dúbidas, problemas burocráticos nas tramitacións, e o volume tan alto de solicitudes xerou grandes retrasos na recepción de recursos e resolucións, incrementando mais aínda a situación límite de moitas entidades.

Entre as medidas que as administracións públicas ofreceron:

1. FLEXIBILIZAR A XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS

- Minimizar o impacto que COVID-19 tivo nos proxectos en termos de subvención e prazos de licitacións.
- Tentar minimizar o prazo para resolver os trámites administrativos, as concesións, comezos de execución, etc. tanto en concursos como en subvencións co fin de dar axilidade á prestación de servizos na administración.
- Aceleración máxima da resolución das subvencións presentadas e pagamentos das xa concedidas.

2. FACILITACIÓN DE MECANISMOS DE FINANCIAMENTO


- Aliviar as tensións de efectivo causadas pola suspensión, adiamento, peche ou cancelación de actividades e espazos.
- Apoio ao financiamento extraordinario: avais e pagamento de xuros. Aprobación de aplicacións e / ou extensións de liñas de crédito con entidades financeiras (límite % de xuros), financiando os xuros xerados polos préstamos solicitado en tempos de crise sanitaria.
- Posta en marcha dos Bonos ConsolidaES para cooperativas veteranas.

3. INTERCOOPERACIÓN E COMUNICACIÓN DIRECTA E FLUÍDA


- Acceso á información pública das entidades representativas do sector, permitindo ás cooperativas tomar decisións.
- Traballar en fórmulas para crear proxectos que fomenten a empregabilidade e intercooperación.

Estas medidas non sempre foron ben aceptadas nin implementadas satisfactoriamente polas cooperativas, por diversos motivos. Entre eles, que non sempre as convocatorias e normativas que se entendían que deberían de ser áxiles e de fácil manexo o foron completamente, ou en ocasións a documentación e protocolos non estaban en consonancia coas particularidades da fórmula cooperativa.

OPORTUNIDADES QUE SE MANIFESTARON NAS COOPERATIVAS DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMENTO DA PANDEMIA



Durante o confinamento as entidades non estiveron nin moito menos paradas nin inactivas, senón que dedicaron o seu tempo a diferentes tarefas “complementarias” pero tan necesarias para plantarlle cara a esta pandemia e xerar forzas para saír adiante. Producindo así oportunidades de actuacións e reactivación na fase de desescalada.



● CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR

Podemos dicir que o cooperativismo é unha fórmula en expansión nun contexto recesivo, un modelo de xestión empresarial que se centra nas persoas e no compromiso coa comunidade, e que por tanto permite acceder a postos de traballo estables e participar en proxectos socialmente útiles e satisfactorios, pero que ao tempo precisaría dun maior grao de formación en xestión económica e cultura organizativa, e en ocasións, de maiores doses de innovación e dun maior grao de colaboración que noutras fórmulas empresariais.

A posta en marcha de novas cooperativas no sector e a consolidación das xa existentes, pasa por aproveitar as oportunidades que se puxeron de manifesto nos apar-

tados anteriores, en especial o cambio de hábitos, a flexibilidade dos espazos de traballo e o impulso decidido á dixitalización e o emprego de novas ferramentas tecnolóxicas, así como de dar a coñecer o modelo cooperativo entre potenciais usuarias, administracións públicas que podan ceder espazos e impulsar novos modelos.

FORTALEZAS DAS COOPERATIVAS

- A xestión democrática das cooperativas e a corresponsabilidade dos socios supón un extra de motivación, esforzo e implicación que lle confire á empresa unha maior resistencia en épocas de crise.
- No caso das cooperativas de traballo asociado, a dobre dimensión como socio e traballador estimula a aprendizaxe constante e permite dispor dunha visión integral e enriquecedora do funcionamento da empresa.
- As cooperativas facilitan a conciliación da vida privada e laboral debido á súa flexibilidade organizativa. As normas e procedementos son acordados polas mesmas persoas que os terán que acatar ou implementar. A elevada presenza de mulleres no conxunto do sector cooperativo semella corroborar esta afirmación.
- Os postos de traballo xerados no ámbito cooperativo adoitan ser dignos, estables e de calidade. A porcentaxe de traballadores con contratos indefinidos así o indica .
- A intercooperación axuda á consolidación dos negocios das cooperativas e ao fortalecemento do sector no seu conxunto (cooperativas de crédito que facilitan o financiamento na economía social).
- As cooperativas son empresas arraigadas no territorio, de moi difícil deslocalización, e nese sentido contribúen ao desenvolvemento económico dos lugares nos que habitan. A aposta pola colaboración coa sociedade e o compromiso social supoñen un motivo de orgullo e identificación para os seus membros.
- As cooperativas gozan de vantaxes legais, subvencións e incentivos fiscais que facilitan a súa posta en marcha e posterior consolidación.

- A coincidencia de obxectivos e valores comúns entre o cooperativismo e o coworking, en especial o sentido de comunidade, a colaboración e o traballo en rede.

DEBILIDADES DAS COOPERATIVAS

- Nas cooperativas que carecen de procedementos ben perfilados pódese xerar un certo retraso na toma de decisións. A lóxica democrática, o intento de acadar consensos e a comunicación multidireccional repercuten nesta posible falta de axilidade senón se traballa con carácter previo.
- Existen estereotipos que asocian as cooperativas a sectores de actividade pouco punteiros. O descoñecemento da súa realidade inflúe en asesores económicos que desaconsellan esta fórmula empresarial a novos emprendedores.
- Derivado do punto anterior, pero tamén motivado pola responsabilidade limitada dos socios ou por poder ter un capital social variable ou particularidades das cooperativas sen ánimo de lucro, pode dificultar que as cooperativas se vexan excluídas do circuío de financiamento da banca convencional.
- Con frecuencia existe nas cooperativas un déficit de formación en xestión económica que dificulta a súa capacidade de innovación, é dicir, de transformar en valor económico a creatividade do grupo.
- Do mesmo xeito que as cooperativas son beneficiarias de certas vantaxes legais, tamén posúen limitacións das que carecen outros modelos empresariais, como no caso da contratación de persoal asalariado, que está regulado e acoutado por lei. Esta limitación forma parte intrínseca dos fundamentos da economía social, como garante de acceso das persoas ao emprego e de cara a evitar a subordinación do traballo ao capital.

O cooperativismo pode constituír unha alternativa de futuro no sector do coworking, como así o amosan os proxectos que imos presentar no seguinte apartado e que configuran unha realidade consonte coas novos modelos relacionais, de orga-

nización do traballo, de iniciativa emprendedora, ofrecendo marcos legais flexibles pero con garantía xurídica e avantaxes canto á flexibilidade e adaptación ás circunstancias cambiantes.

6.1 - BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS NO SECTOR E PROXECTOS REPLICABLES

DALLE QUE DALLE, S.COOP.GALEGA:



Dalle que Dalle, S. Coop. galega, é unha cooperativa de traballo asociado. Un proxecto que se configura como un centro de innovación social sostible. Tódalas persoas socias son profesionais altamente cualificadas que están en permanente renovación.

No ano 2017 recibiu o premio aos valores cooperativos. Na actualidade ofrece un ecosistema emerxente de recursos off-line e on-line, inspiración e oportunidades de colaboración que permitan o desenvolvemento e crecemento de proxectos transformadores con impulso social para conseguir acadar un mundo máis social, verde e humano.

Áreas de Traballo:

- Espazo de coworking.
- Programas de Igualdade de oportunidades para rachar coa brecha dixital e de xénero
- Formación e asesoramiento na transición de administracións e empresas cara un modelo sostible e verde.
- Lanzamento e mentorización de proxectos ou transformación de negocios cara un modelo máis social.

COWORKING A PARDA



Servicios integrales para empresas, S. Coop. Galega é unha sociedade cooperativa de traballo asociado ubicada na cidade de Pontevedra, que

ofrece espazos e servizos para coworkers: Internet de alta velocidade, taquilla privada, fotocopiadora / escanner, recollida de paquetes, zona coffee, sala de reunións / videoconferencias, etc.

A cooperativa conta con 3 tipos de espazos de traballo adaptados ao xeito de traballar dos novos negocios ou das empresas que están comezando as súas actividades. Contan con zona de descanso, sala multiusos para presentacións, reunións, formación ou cursos online, etc.

Ofrecen ademais servizos de Oficina Virtual, para todos aqueles proxectos que necesiten un sitio físico donde domiciliar a súa empresa.

GRUPO ECOS



ECOS constitúese no ano 2011 e se instala nos locais da rúa Casp 43 e na rúa Bailèn 5, de Barcelona, no ano 2013. Actualmente contan cun local compartido en Casp, 43 . Forman parte do grupo 18 organizacións sociais, (Arzo Cooperativa | Caleidoscoop | Celobert Arquitectura, Ingeniería y Urbanismo | Coop de mano | Crítico | ETCS | iACTA Sociojurídica | iLabSo, investigación social | Jamgo | LabCoop | El Apóstrofe | Mensajeros Trébol | Nudos Actividades Científicas y Culturales | Opciones de Consumo Responsable | Qué vivir | TechoCívico) que crean emprego estable para un centenar de persoas e agrupan a casi 3.000 persoas socias de consumo.

A sede do grupo en Casp 43 é moito máis que un espazo de coworking . Os seus máis de mil metros cadrados funcionan como comunidades de traballo e proxectos, e dispoñen de servizos moi variados: salas de reunións, espazos de cotraballo,

cociña, terraza, biblioteca, horto urbano, espazo de crianza, recuncho de pasalibros, etc. Neste local realízanse todo tipo de charlas, cursos, presentacións, talleres, asembleas, etc., tanto das entidades e empresas que están radicadas, coma outras que alugan as salas de xeito puntual.

Ademais, dende a cooperativa e facilitado polo uso en común de espazos, impúlsase a cooperación entre as cooperativas do grupo, é dicir, o que coñecemos como intercooperación. Esta intercooperación pode adoptar moitas formas distintas, pero una das máis importantes é impulsar novos proxectos de economía social e solidaria. Algúns consisten en realizar novas actividades dentro das cooperativas xa existentes, outros en crear outras novas.

GARÚA, S.Coop. Mad.



O Tobo (La Madriguera) é un proxecto de **Garúa** que promove a conciliación laboral e familiar a través dun espazo que combina a atención a nenas e nenos dun a tres anos con con un lugar de traballo e coworking cooperativo para as súas familias.

A experiencia nace da fusión de dous proxectos independentes, por unha banda o espazo de crianza O Arenero, xestionado por unha asociación de familias, e por outro, O Faenero, un espazo de coworking. Da unión de ambas as iniciativas nace en xullo de 2017 O Tobo como un único proxecto que combina ámbolos dous servizos.

Os piares do espazo de crianza son:

- Respecto á autonomía e proceso evolutivo de nenas e nenos.
- O xogo como motor de aprendizaxe.
- A participación da familia na escola.
- A alimentación saudable e ecolóxica.
- Os vínculos coa comunidade do barrio.

Neste espazo de coworking promóvese que sexa un espazo de intercooperación e sementeiro de proxectos comúns entre as cooperativas que habitan o espazo: Cyclos, Pandora Mirabilia, Biodiversia e Garúa. Todas pertencentes ao ámbito da economía social e solidaria. Esta iniciativa naceu con apoio no financiamento por parte do Concello de Madrid.

COMPARTE TARIFA (LA COCOTERA, S.Coop. Andaluza)



Comparte Tarifa (A Cocotera) destaca por ser o primeiro hostel en Europa no que é posible organizar eventos formativos, meetups, relatorios e charlas experienciales nunha contorna única. A Cocotera Boutique **Hostel & Coworking**, situado no centro histórico de Tarifa, é un lugar para aprender, emprender, traballar e hospedarse. Ademais contan cunha zona de coworking dende a que compartir coñecementos e sinerxias coa comunidade internacional de freelancers, traballadores remotos, startups e nómades dixitais.

Xúntanse os conceptos de fogar e oficina.

COLIVING. Contan con habitacións privadas ou compartidas e moitos recunchos para xerar contactos e conversacións, e impulsar colaboracións e sentido de comunidade.

COWORKING. Contan con espazos cómodos de traballo con conexión wifi de altas prestacións. Espazos acaídos para xerar sinerxias con todos os coworkers que pasan polo lugar.

PLATAFORMAS COOPERATIVAS DIXITAIS



Foi a primeira cooperativa de plataforma tecnolóxica dos EE. UU. Ponse en marcha no mes de Xuño de 2014. **Loconomics**⁷ buscaba ser unha plataforma

⁷<https://geo.coop/articles/the-slow-demise-loconomics>

que ofrecía servizos compartidos a autónomos, como alternativa a Taskrabbit, é dicir unha plataforma que ofrecía profesionais independentes para as necesidades e demandas locais, o que permitiría as persoas consumidores atopar axuda inmediata con distintas tarefas cotidianas, incluídas a limpeza, a mudanza, a entrega, así como diversos traballos de mantemento.

Loconomics tivo moitos problemas para configurar un modelo de gobernanza, nun país onde non existían precedentes de modelos cooperativos de traballo, aínda que sí de consumo, para atopar financiamento nunha idea que aínda tiña que consoidarse como modelo de negocio e para desenvolver tecnoloxicamente unha aplicación e ferramentas que lle permitaran establecer esa central de vendas e espazo virtual de oferta conxunto. Pero abriu un camiño que logo percorreron con éxito outras iniciativas como Up&Go⁸, unha cooperativa de plataforma que ofrece servizos de limpeza a particulares e empresas, onde as/os profesionais da limpeza son copropietarias/os de Up & Go. Ofrecen persoas expertas en limpeza amigables e confiábles, estables e que coñecen as necesidades dos fogares a cambio dun salario digno e sen intermediarios/as.

⁸ <https://www.upandgo.coop/>



- **FOMENTO DA
CREACIÓN E
CONSOLIDACIÓN DE
COOPERATIVAS NO
SECTOR**

7.1 DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES

Entre moitos aspectos e potenciais oportunidades xa incluídos nos apartados anteriores de este Plan, de cara a marcar un horizonte de futuro, non debemos pasar por alto tipoloxías cooperativas que se están fortalecendo a nivel nacional, e que en Galicia aínda non dan arrancado. Entre outras cousas, porque algunha das tipoloxías para levala a cabo na autonomía ten que pasar por un cambio na lexislación de cooperativas de Galicia, para permitir novas tipoloxías na fórmula cooperativa, é o caso das **cooperativas de impulso empresarial ou cooperativas de emprendedores**.

EXEMPLO:

Cooperativa de emprendedores de ANEL⁹ “A Cooperativa de Emprendedores da Asociación de Empresas de Economía Social de Navarra, foi pioneira en España, deste modelo de cooperativa e ofrece un espazo coworking e un marco legal para poder comenzar a actividade no mercado sin necesidade de montar aínda a empresa, e co acompañamento dun equipo de profesionais”

A Cooperativa nace en outubro de 2013 como resposta a unha necesidade identificada por ANEL no seu trato con emprendedores de comprobar de forma real se un proxecto pode funcionar previamente a montar a empresa. Nestes momentos hai 12 proxectos dentro da Cooperativa de emprendedores, e máis de 20 que pasaron pola mesma e feitos xa realidade. A idea da cooperativa está pensada para acoller a proxectos nos que interveñan polo menos dúas persoas.

A Cooperativa de Emprendedores acompaña aos proxectos no desenvolvemento do seu modelo de negocio, na análise da súa viabilidade e no lanzamento comercial. Ofrécelles protección xurídica e contable para o desenvolvemento da súa actividade, un CIF co que poder facturar e ponlles á súa disposición un espazo físico co necesario para traballar, onde ademais coñecen a outras persoas que están a emprender como eles. “En principio son os emprendedores os que toman a decisión de saír da Cooperativa. Unha vez o proxecto executase o seu plan comercial e sabendo en que condicións pode ser viable, deben de tomar a decisión de seguir adiante e montar a súa propia empresa ou rexeitar a idea”.

A Cooperativa está ideada para que os proxectos pertencen de forma temporal a ela, pero o tempo de pertenza depende de varios factores por exemplo a madurez do proxecto, o sector ao que se dirixen, a experiencia

⁹ <https://www.anel.es/cooperativa-de-emprendedores/>

laboral previa nese ámbito.... aproximadamente pódese falar duns seis meses para poder traballar os apoios comentados, pero dependendo de cada proxecto.

E por outro lado, as cooperativas de servizos, que asocian a persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións industriais ou de servizos, e persoas profesionais ou artistas que exercen a actividade por conta propia. Estas cooperativas teñen como obxectivo prestar suministros e servizos e executar operacións destinadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios. Por exemplo a xestión dun espazo de coworking autoxestionado.


Tanto as cooperativas de consumo como as de servizos poden integrar ás persoas traballadoras como socias de traballo, polo que pasan a participar na toma de decisións. E, a pesar de que a actividade de consumo ou de servizos segue no centro, deste xeito tamén se valora e se incorpora a voz das persoas que, a través do seu traballo, permiten que a actividade cooperativizada se leve **a cabo**.

EXEMPLO:

Otro Espacio¹⁰ Trátase dun espazo autoxestionado de creación conxunta que funciona como asociación de libre adhesión. Conformado por mozos/as que desenvolven actividades referentes á pintura, a construción e a música en Madrid. O local está dividido en tres plantas, das cales unha conta cun local de ensaio e produción musical, a segunda cunha exposición de mobles artesanais que fabrican dentro dun proxecto de auto-emprego e a terceira planta é un altillo onde se esta instalando unha zona compartida de pintura e artes relacionadas co fin de impartir talleres e ser unha zona de traballo diaria. O proxecto está en fase de desenvolvemento e

¹⁰ <https://coworkingspain.es/espacios/coworking/madrid/otro-espacio>

formación como un espazo compartido de traballo e creación, así como de actividade económica, estando aberto a novas perspectivas e achegas. No momento da súa posta en marcha procuraban xente con ganas de emprender os seus proxectos nun espazo cooperativo!




● PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR

Coordinación e colaboración coas Administracións públicas	<ul style="list-style-type: none">• Posta a disposición de espazos e recursos públicos infrautilizados para ser xestionados por cooperativas.• Liñas para o impulso comunicativo e promoción das cooperativas no sector do coworking.
Adaptación e/ou modificación normativa.	<ul style="list-style-type: none">• Introducir cambios normativos para impulsar novos modelos que podan ser acaídos para o desenvolvemento de actividades como a cooperativa de impulso empresarial entre outras.

<p>Plans de financiación do sector</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar acceso a financiamento público e privado para asumir os investimentos ou custos necesarios para a posta en marcha de espazos compartidos autoxestionados, tanto físicos como dixitais, especialmente cando se trate de proxectos sen ánimo de lucro.
<p>Recollida de información sistemática</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Información periódica de ferramentas, modelos, boas prácticas, evolución do sector e calquera outra información que permita impulsar o modelo.
<p>Marco Laboral</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Regulación específica que permita superar os atrancos derivados da confusión con modelos como as cooperativas de facturación. • Regulación específica das persoas socias de traballo e persoas socias a proba no caso das cooperativas autoxestionadas e nas cooperativas de impulso empresarial.
<p>Visibilidade de iniciativas e boas prácticas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Control de boas e malas prácticas.
<p>Regulación tecnoloxías dixitais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Garantía xurídica para proxectos dixitais que incorporen persoas socias de distintos territorios. Normativa específica para fórmulas xurídicas relacionadas co dixital.
<p>Lei de Contratación pública</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Normativas para fórmulas xurídicas relacionadas co dixital. • Modificación e adaptación a realidade do sector. • Promover a contratación de proxectos culturais cooperativos. • Contratación de servizos e produtos desenvolto por cooperativas nas instalacións públicas para xestión dos espazos. • Fomentar a inclusión de cláusulas nos pregos dos concursos que se adaptan ás prácticas dos proxectos cooperativos para xestión de espazos. • Fragmentación por lotes de proxectos para facilitar o acceso a pequenas empresas.
<p>IVE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Redución do imposto.
<p>Facilitar acceso a axudas e subvencións</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar criterios para garantir o acceso facilitando as iniciativas colaborativas e conxuntas. • Incluir expresamente como beneficiarias as persoas autónomas que se incorporen a proxectos cooperativos de cohousing en cooperativas de servizos, impulso empresarial, etc. • Priorizar a pequena dimensión e a súa necesidade de recuperación debido as condicións actuais (covid-19).

Intercooperación	<ul style="list-style-type: none"> • Consolidar espazos compartidos e iniciativas innovadoras da estratexia sectorial. • Promoción de espazos de interconexión e xeración de redes que fomenten novas estruturas.
-------------------------	---

8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR





● BIBLIOGRAFÍA

- Informe: Estado del coworking en España 2019-2020. Coworkingspain, 2020.
- Informe: Global Coworking Growth Study, Coworker, 2020
- Informe de oficinas flexibles 2020, Proworkspaces, Cushman&Wakefield
- Guía cooperativa Impulso Empresarial. FAECTA 2014
- Manual: La cooperativa mixta en la Ley de sociedades cooperativas andaluzas. FAECTA
- Manual: Cooperativismo de plataforma desafiando la economía colaborativa, Trebor Scholz, 2016
- Artículo: How coworking just became the new normal of working, Christoph Fahle, Betahaus, 2021
- Artículo: Un Hub cooperativo que rompe clichés. Revista Alternativas Económicas, 2013
- Artículo: Coworking y Cooperativismo, una fusión por la que apuestan muchos

profesionales y pequeñas empresas, Ana Real, Blog FEVECTA

- Artigo: Nuevas fórmulas jurídicas para emprender en espacios de trabajo colaborativos, Diego Tomás, Coworkingspain.
- Texto vixente da lei de cooperativas de galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade

